



A lareira pódese aproveitar de moitos xeitos.

A lareira

49. Que é?

Como xa vimos, a lareira era o lugar onde se cociñaba e se matiña o lume na casa. É unha construción de pedra, xeralmente pegada a un muro e composta polo lar, ou a pedra onde se acendía o lume; a cambota, campá para recoller o fume; o conduto do fume e a cheminea, que é o elemento que vemos sobre os tellados dos edificios. Nalgúns casos, había un forno asociado ao espazo da lareira.

50. Como funcionaba?

A pesar de ser moi antiga, o seu sistema de funcionamento é moi enxeñoso. Xeralmente non necesitaba dunha tapa superior na cheminea, pois no interior tiña unha serie de laxas de pedra dispostas de tal forma que deixaban pasar o fume cara arriba pero impedían o paso da auga de choiva, que era recollida e saía por uns desaugadoiros laterais.

51. Para que vale agora?

Todos os elementos da lareira forman un sistema moi ben adecuado á súa función. As lareiras son un elemento que forma parte da identidade da nosa arquitectura e deben ser conservadas. Aínda que non se empreguen para acender o lume, poden ser reutilizadas para aloxar unha nova cociña, para facilitar o paso de condutos e novas instalacións, simplemente, como elemento de decoración na nosa vivenda ou para calquera outro uso.